

Resolución da Alcaldía
Expediente: 3944/2019

Mediante Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de 12.07.2019 seleccionouse ao Concello de Cambados como entidade colaboradora no programa de fomento da empregabilidade na provincia de Pontevedra “O teu Primeiro Emprego”.

Mediante Resolución da Alcaldía do 03.03.2020 aprobáronse as Bases para a contratación dun/nha (1) traballador/a (Mestre, especialidade en Educación Primaria / Grao en Educación Primaria) en réxime laboral temporal, a tempo completo, e na modalidade de contrato de traballo en prácticas de conformidade co establecido no artigo 11 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores

Consta a realización da solicitude de oferta a Oficina de Emprego de Cambados con data de 03.03.2020.

Consta preselección realizada pola Oficina de Emprego na que figuran as seguintes aspirantes,

- D^a Leticia Carballa Vázquez.
- D^a Pilar Vaamonde Maneiro.

Na súa consecuencia, e de conformidade coa Base Terceira, unha vez concluído o prazo de presentación de solicitudes,

RESOLVO:

1.Aprobar a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso selectivo,

ADMITIDAS:

- D^a Leticia Carballa Vázquez.
- D^a Pilar Vaamonde Maneiro.

EXCLUÍDAS:

- D^a Fátima Lago Romero.
- D^a Eva Matínez Rey



Causa da exclusión: Non se acredita ser demandante de emprego desempregado ou co cartón de mellora de emprego, inscrito no Servizo Público de Emprego e cumprir cos requisitos esixidos para a formalización dun contrato en prácticas de acordo coas Bases aprobadas pola Excma. Deputación Provincial de Pontevedra e atoparse nas listas remitidas pola Oficina de Emprego, unha vez que o Concello de Cambados lle trasladou a correspondente oferta de acordo co artigo 14 das Bases do Programa de Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra “O teu primeiro emprego” (Cláusula 2ª e) das Bases reguladoras do proceso selectivo).

2.Outorgar ás aspirantes excluídas prazo dun día hábil para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión sinalando un prazo dun día hábil que se contará desde o seguinte á publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente na oficina de asistencia en materia de rexistros deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 16 da Lei 39/2015 dentro do prazo sinalado.

Advírtese ás persoas interesadas que, de non procederse á subsanación, serán declaradas definitivamente excluídas do proceso selectivo.

2.Designar aos compoñentes do Tribunal Cualificador:

Presidenta: Dª María Parada Portas, Técnica de Persoal do Concello

Vogal: Dª Ana María Fole Pintos, Técnica de Tesourería e Intervención do Concello

Secretario/a: D. Miguel Rodríguez Vicente –Tutor, Secretario Xeral do Concello

3.Orderar a publicación da presente Resolución no Taboleiro de Edictos do Concello.

Cambados

(Asinado dixitalmente)

